

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: NOMEAMENTO DE VÍCTOR MANUEL MONTES PENA COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DUNHA PRAZA DE OFICIAL ALBANEL (OEP 2018) E APROBACIÓN DA LISTA DE RESERVA RESULTANTE DO PROCESO SELECTIVO

EXPEDIENTE: 2021/E001/000018; 2022/G003/001307

ANTECEDENTES

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 1300/2021 do 05 de novembro convocouse o proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre e mediante persoal funcionario de carreira, dunha praza de oficial/albanel, vacante no cadro de persoal funcionario do Concello de Fene, incluída na oferta de emprego público do ano 2018.

As bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo aprobáronse mediante acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión de data 04.11.2021 e publicáronse integramente no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* (BOP núm. 214, do 10.11.2021). Así mesmo, inseriuse un anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG núm. 223, do 19.11.2021) e no *Boletín Oficial do Estado* (BOE núm. 282 do 25.11.2021). Esta última publicación supuxo o inicio do prazo de presentación de instancias de participación no proceso selectivo.

Rematado o proceso selectivo o tribunal, en sesión do 02.09.2022, acordou o seguinte:

“Á vista das puntuacións outorgadas, superaron o proceso selectivo as seguintes persoas coa seguinte puntuación total:

Apelidos e nome	Concurso	Galego	Test	Proba práctica	Total
Montes Pena, Víctor Manuel	3	EXENTO	5	9.80	17.80
Rivera Vázquez, José Ramón	5	APTO	5.16	6.29	16.45

Á vista do que antecede, o Tribunal acorda elevar a alcaldía a proposta de nomeamento como funcionario de carreira do Concello de Fene, oficial albanel, de Víctor Manuel Montes Pena e aprobación de bolsa de emprego na que se inclúa a José Ramón Rivera Vázquez, conforme ao recollido nas cláusulas oitava e novena das bases reguladoras do proceso selectivo.

Contra estes acordos, actos de trámite cualificados que non poñen fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes dende a súa publicación no taboleiro de edictos do Concello ou na páxina web do Concello ante o tribunal de selección ou ante o alcalde do Concello de Fene -órgano competente para a súa resolución-. Transcorrido o dito prazo sen terse interposto o recurso, os acordos serán firmes a todos os efectos ”.

O día 04.09.2022 publícase no taboleiro municipal o anuncio co referido acordo do tribunal.

En data 13.09.2022 (RE 3794), Víctor Manuel Montes Pena presentou a documentación establecida na cláusula oitava das bases específicas reguladoras do proceso selectivo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A cláusula oitava das bases específicas reguladoras do proceso selectivo establece, no que aquí interesa, o seguinte:

“Finalizado o concurso-oposición, o Tribunal fará pública a relación de persoas aspirantes aprobadas (entendo por tales as que teñan superado todos exercicios/probas da fase de oposición que lle

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

resulten obrigatorias), por orde de puntuación final, no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal; e simultaneamente elevará a dita relación á Alcaldía, para que resolva o nomeamento da persoa que tivera acadado a maior puntuación (ou que, en caso de empate e trala aplicación do sistema de desempate sinalado na base anterior, resultara o primeiro), que será obxecto publicación no BOP e no DOG (así como no taboleiro de anuncios e web municipais).

En todo caso, o Tribunal non poderá propoñer o nomeamento e acceso á condición de persoal funcionario de carreira dun número de aspirantes aprobados superior ao de prazas convocadas.

Non obstante o anterior, sempre que o Tribunal teña proposto o nomeamento de igual número de aspirantes que de prazas convocadas, na proposta tamén figurará unha relación complementaria, por orde descendente da puntuación acadada, daqueles aspirantes que aínda que non teñan sido propostos para o nomeamento tiveran superado todos exercicios e probas obrigatorias da fase de oposición. Esta relación/listaxe conformará, a súa vez, a bolsa de emprego que creará coa finalidade e nos termos sinalados na base novena; e á que tamén se acudirá, segundo a orde/prelación resultante da puntuación acadada no proceso selectivo, para os supostos de imposibilidade do nomeamento e/ou toma de posesión/incorporación do/a aspirante inicialmente seleccionado para a cobertura da vacantes convocada (xa sexa por renuncia ou ben polo incumprimento dos prazos, requisitos e/ou requirimentos documentais previstos ao efecto).

2. No prazo de vinte días naturais contados dende o seguinte a aquel no que se teña publicado a relación de aprobados/as, a persoas aspirante proposta para a súa selección e nomeamento deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima), os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

a) Declaración responsable de non estar separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de funcionarios/as do que a persoa tivera sido separada ou inhabilitada.

b) Certificado médico oficial asinado por un colexiado en exercicio no que conste expresamente que se posúe a capacidade funcional (capacidades e aptitudes físicas e psíquicas) necesaria para o desempeño das funcións e tarefas da praza á que se accede.

c) Declaración responsable de non acharse incurso/a en causa algunha de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa toma de posesión.

d) Número de afiliación á seguridade social

e) Acreditación documental da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais

3. Cumpridos os requisitos precedentes, a Alcaldía resolverá o nomeamento da/o aspirante proposta/o, que deberá tomar posesión/incorporarse na data sinalada ao efecto e, en todo caso, no prazo máximo dun mes dende o día seguinte ao da publicación da dita resolución de nomeamento no BOP (resolución de nomeamento que tamén será obxecto de publicación no DOG, así como no taboleiro de anuncios e páxina web municipais); de tal xeito que a súa eficacia estará condicionada/supeditada á posterior e efectiva toma de posesión/incorporación, no prazo sinalado."

De conformidade coa proposta do tribunal de selección, do 02.09.2022 e co establecido nas bases reguladoras do proceso selectivo (cláusulas oitava e novena), consonte ao que antecede, RESOLVO:

PRIMEIRO.-Nomear a Víctor Manuel Montes Pena funcionario de carreira do Concello de Fene dunha praza de oficial albanel, vacante no cadro de persoal funcionario do Concello de Fene e incluída na oferta de emprego público do 2018.

Este nomeamento queda condicionado á efectiva toma de posesión da praza na data sinalada para o efecto e, en todo caso, no prazo máximo dun mes dende o día seguinte ao da publicación desta resolución de nomeamento no BOP, DOG, taboleiro de anuncios e páxina web municipais.

De non cumprir cos condicionantes establecidos co dito prazo de toma de posesión/incorporación, sen existir causa xustificada (casos de forza maior, debidamente motivados, que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía), entenderase que renuncia/desiste dos seus dereitos inherentes, deixando sen efectos esta resolución de nomeamento.

SEGUNDO.- Aprobar a bolsa de emprego resultante desta convocatoria, integrada polo aspirante José Ramón Rivera Vázquez, ao ter superado todos os exercicios obrigatorios do proceso selectivo.

Esta bolsa terá por obxecto habilitar unha listaxe de aspirantes á que se acudirá, nos supostos legais procedentes e con arranxo ás modalidades de emprego correspondentes, para futuras e xustificadas incorporacións de persoal temporal con equivalente condición profesional á do seleccionado nesta convocatoria e proceso selectivo. Do mesmo xeito, a Alcaldía propondrá e resolverá o nomeamento dunha persoa integrante da bolsa de emprego nos supostos nos que se deixe sen efectos a resolución do nomeamento do funcionario de carreira previamente efectuada, nos casos de incumprimento sen causa xustificada no prazo de toma de posesión.

TERCEIRO.- Notificarlle esta resolución ao aspirante nomeado.

CUARTO.-Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios e páxina web municipais e un anuncio do nomeamento no BOP e DOG.

QUINTO.- Fronte a este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a dita xurisdición no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación. Se se interpón o recurso de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente aquel ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, sen prexuízo de que poida exercitarse calquera outro recurso que se estime pertinente.

G-0
096
150
P-
F:
C.I

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa en funcións, Alejandra Permuy Meizoso, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.